

CONVOCATORIA DE PRAZAS DO PROGRAMA DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR) DE ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA (ESF GALICIA), 2017

ÍNDICE

1. RESUMO DE PRAZAS.....	2
2. QUE É UNHA PERSOA PCR?.....	2
2.1. PCR Honduras.....	4
3. COMPROMISOS DE ESF GALICIA.....	4
4. COMPROMISOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES.....	6
5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS.....	7
5.1. HONDURAS SECTOR AUGA.....	7
5.1.1. Datos básicos.....	7
5.1.2. Contexto e antecedentes.....	7
5.1.3. Descrición de actividades.....	8
5.1.4. Perfil requirido.....	9
5.1.5. Información das organizacións locais coas que se traballará	11
5.2. HONDURAS SECTOR DESENVOLVEMENTO RURAL.....	12
5.2.1. Datos básicos.....	12
5.2.2. Contexto e antecedentes.....	12
5.2.3. Descrición de actividades.....	13
5.2.4. Perfil requirido.....	17
5.2.5. Información das organizacións locais coas que se traballará	19
6. SOLICITUDE DE PRAZA.....	19

1. RESUMO DE PRAZAS

Tipo de PCR	En terreo: Honduras	En terreo: Honduras
Nome do grupo	Desenvolvemento Rural	Auga
País	Honduras	Honduras
Zona	Golfo de Fonseca	Golfo de Fonseca
Prazas*	2	2
Duración	Incorporación ao voluntariado e preparación previa, estadia en terreo de 2 a 3 meses e 1 ano de voluntariado ao regreso.	Incorporación ao voluntariado e preparación previa, estadia en terreo de 2 a 3 meses e 1 ano de voluntariado ao regreso.

Datas da estancia	Data orientativas suxeitas a disponibilidades das socias locais. Meses: xuño-outubro	Data orientativas suxeitas a disponibilidades das socias locais. Meses: xuño-outubro
--------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------

* A realización das estancias está **condicionada á posibilidade de financiamento** do programa. Habitualmente as prazas financiábanse con bolsas das universidades, fondos de sensibilización dos proxectos internacionais de cooperación para o desenvolvemento ou fondos propios da asociación. Nos últimos anos, o orzamento público de cooperación para o desenvolvemento veuse moi reducido. Por este motivo os grupos de traballo, as persoas seleccionadas e a asociación en xeral terán que innovar as súas fontes de financiamento habituais para este e outros programas.

2. QUE É UNHA PERSOA PCR?

ESF GALICIA organiza o Programa de Coñecemento de Realidade co obxectivo final de promover unha cidadanía global crítica e solidaria, potenciando o proceso de aprendizaxe das persoas da nosa sociedade a través do coñecemento de primeira man das desigualdades entre países. Quérese con isto que as persoas participantes adquiran conceptos, procedementos e actitudes como parte do proceso de afondamento nas causas das desigualdades no mundo e que interioricen nas súas vidas e no seu entorno actitudes de cambio social para superar a inxustiza social.

En concreto, trátase de facilitar unha experiencia de sensibilización a pequenos grupos de persoas, que ao ser seleccionadas se converterán en persoas voluntarias e socias de ESF e participarán no día a día da asociación, contribuíndo ao seu crecemento persoal e social. Así, o Programa consiste na formación específica das persoas participantes no coñecemento da realidade concreta dos países e das temáticas nas que traballamos, co fin de fortalecer o seu pensamento crítico e a súa capacidade e criterios de actuación. É primordial a transferencia da súa experiencia ao resto da asociación a través da súa integración na mesma, e á cidadanía en xeral mediante as actividades de difusión que se realicen despois da estancia.

O PCR promovido por ESF é un instrumento de Educación para o Desenvolvemento xa que permite desenvolver nas persoas participantes coñecementos, valores e actitudes baseados no diálogo, o respecto activo e a solidariedade.

As seguintes características do PCR son importantes tanto para ESF como para as persoas participantes:

- Coa participación no programa de PCR perséguese fomentar unha formación integral, é dicir, preténdese o desenvolvemento de capacidades técnicas e metodolóxicas cun enfoque social global.
- O PCR difúndese principalmente na universidade, pero ser parte da comunidade universitaria non é un requisito para participar no programa.
- O PCR supón, por unha banda, unha forma de integración de novas persoas voluntarias e, polo tanto unha vía de apoio á realización de actividades nas diferentes áreas de traballo de ESF. Por outra banda, unha parte do ciclo formativo do voluntariado dentro de ESF e das súas actividades,

destacando a concepción que ESF ten do voluntariado como axente transformador dunha sociedade inxusta e con desigualdade de oportunidades de desenvolvemento para as persoas e os pobos.

2.1. PCR Honduras

A través das prazas destinadas a coñecer o traballo que ESF Galicia e as súas socias locais están a impulsar en Honduras, búscase o achegamento de persoas da nosa sociedade á hondureña, así como a súa inmersión no mundo da cooperación e, en concreto, a súa proximidade á aplicación do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano¹.

A estancia (que pode ser de dous a tres meses) non é unha experiencia illada e puntual, senón que se vincula directamente cos programas de cooperación internacional para o desenvolvemento que se estean levando a cabo en Honduras. Trátase dun proceso de aprendizaxe que ofrece ás persoas participantes a posibilidade de ter un contacto directo coa realidade doutros países mediante a realización dalgunha tarefa concreta no seo dalgún dos programas de cooperación que se estean desenvolvendo en Honduras, dentro dun enfoque de aprendizaxe-servizo².

3. COMPROMISOS DE ESF GALICIA

- Creación da “Comisión PCR” para xestionar o programa.
- Selección das persoas participantes.
- Organización da formación xeral e específica precisa para o correcto aproveitamento do programa.
- Integración das persoas participantes na vida asociativa.
- Transmisión á persoa participante de información detallada sobre os antecedentes da asociación no eido/zona de traballo.
- Busca de financiamento para os gastos da viaxe e dun seguro médico que cubra ás persoas participantes durante a súa estancia en terreo.
- Xestión do aloxamento das persoas participantes no país de destino a través do socio local.
- Organización da viaxe en colaboración coas persoas participantes.
- Colaboración e tutela na redacción, a modo de exercicio colectivo entre PCR, grupo e socios locais, dun proxecto que inclúa: plan de viaxe, obxectivos e actividades definidas entre grupo, persoa PCR e socio local; pequena descrición do contexto do proxecto e de axentes que participan, material a recoller/elaborar e formas de transmitir o aprendido á volta.
- Seguimento por parte dos grupos das actividades e posibles problemas durante a estancia.
- Coordinación coa persoa expatriada de ESF durante a estancia en terreo.
- Dentro das posibilidades de ESF, proposta de temas ou facilitar da elaboración de traballos académicos, prácticas ou proxectos fin de carreira vinculados á estancia. É imprescindible a existencia dunha persoa titora do ámbito académico.
- Continuación ao seu regreso das persoas participantes na vida asociativa e no día a día do traballo

¹ <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/01/reflexiones-sobre-tecnologia-para-el.html>

² <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2011/09/de-como-foi-intervencion-no-curso-de.html>

dos grupos, así como axuda na organización de actividades específicas para dar a coñecer á asociación e á sociedade en xeral o aprendido coa experiencia.

- Avaliación do proceso xunto coas persoas participantes.

4. COMPROMISOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- Participación na formación xeral (qué é un PCR, seguridade, ESF como organización e perfil de cooperación, etc.) e na específica (tarefas específicas a desempeñar no voluntariado), unha vez integradas nos grupos de voluntariado correspondentes.
- Integración no grupo de voluntariado correspondente ao PCR e na vida asociativa dende o momento da selección.
- Firma con ESF do compromiso de voluntariado tralo momento da selección, no que se detallan os dereitos e deberes durante todo o proceso: preparación e integración previa, estadia en terreo, e compromisos posteriores á estancia en terreo.
- Redacción, a modo de exercicio colectivo entre PCR, grupo e coparte, dun proxecto que inclúa: plan de viaxe, obxectivos e actividades definidas entre grupo, persoa PCR e coparte; pequena descrición do contexto do proxecto e de axentes que participan, material a recoller/elaborar e formas de transmitir o aprendido á volta.
- Contribución na busca de financiamento para a súa praza.
- Firma con ESF do compromiso de PCR antes da estancia, no que se detallarán todas as condicións do programa.
- Darse de alta como persoa socia de ESF con carácter previo á realización da viaxe.
- Compromiso de realizar na medida do posible as actividades propostas durante a estancia en terreo.
- Facerse cargo da súa manutención durante a estancia en terreo.
- Elaboración dun informe final da experiencia a entregar como moi tarde un mes despois do regreso segundo modelo facilitado por ESF, e informes periódicos das actividades na súa estancia (por exemplo a través de entradas no bloque ou correos nas listas).
- Participación na avaliación do programa PCR.
- Compromiso de permanencia e participación activa como persoa voluntaria na asociación polo menos un ano, traballando no grupo vinculado á actividade que desenvolveu durante a súa estancia, e nas actividades de sensibilización e/ou internas propostas relacionadas coa mesma, como charlas en cursos de ESF, nas universidades, entrevistas, etc.
- Participación na Comisión de PCR 2018.

5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS

5.1. HONDURAS SECTOR AUGA

5.1.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Abastecemento e saneamento na comunidades rurais de Honduras		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca

SOCIO LOCAL	NASMAR e AHJASA		
DURACIÓN MÍNIMA / MÁXIMA	2 meses / 3 meses	DATA DA ESTADÍA EN TERREO	Entre xuño e outubro de 2017.
PRAZAS	2 (condicionadas á consecución de financiamento)		

5.1.2. Contexto e antecedentes

Dende 2008, tres asociacións da Federación Española de Enxeñería Sen Fronteiras (APD, Galicia e Cataluña) uniron esforzos para pór en marcha un programa para a redución da vulnerabilidade da poboación rural en Centroamérica, concretamente en Nicaragua, Honduras e O Salvador. Destináronse algo máis de 7 millóns de euros, achegados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, a Diputación de Valladolid e diversas entidades en Galicia (como a Xunta de Galicia, a Deputación de A Coruña, o Concello de Lugo ou a Universidade de A Coruña), para mellorar a xestión territorial cun enfoque de cunca hidrográfica, promover o acceso aos servizos de auga e saneamento, e en xeral apoiar a gobernanza dos recursos hídricos.

ESF Galicia liderou as actividades deste programa en Honduras, centrándose no abastecemento e saneamento de auga en comunidades rurais. Con isto, preténdese contribuír ao desenvolvemento das infraestruturas básicas de diferentes comunidades situadas na zona do Golfo de Fonseca, coa implementación de sistemas tecnoloxicamente apropiados ao entorno e xestionados mediante entes comunitarios.

5.1.3. Descrición de actividades.

A. Xornada de presentación

Esta xornada inclúe a presentación de ESF e do que é o programa de PCRs. Tense previsto realizar varias en Galicia, sendo recomendable a asistencia ás persoas que candidaten aos postos de PCR. A súa realización está prevista para o mes de marzo. As datas e detalles serán concretados posteriormente e comunicados a todas as candidatas.

B. Formación Previa.

Participación na/s Xornada/s de Formación que se describen no apartado 4, que organiza ESF e son de obrigada asistencia para as persoas seleccionadas e máis as suplentes.

C. Integración como voluntaria no grupo AUGA de ESF.

As persoas seleccionadas integraranse como voluntarias no grupo de voluntariado da temática Auga de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, tralo proceso de selección. Por elo, asinarán o compromiso de voluntariado con ESF unha vez confirmen a participación como PCR. Entre as actividades que desenvolverán como voluntarias/os, o grupo de voluntariado ofreceralle información e formación específica sobre os proxectos que se estean levando a cabo en terreo, e comezará a esbozarse o programa concreto de actividades a desenvolver durante a estadia en Honduras como PCR.

Trala estadia en terreo a persoa seleccionada seguirá como voluntaria/o do grupo durante polo menos un ano dende o retorno, realizando actividades de difusión e de enriquecemento do grupo, e participará na Comisión de

selección de PCRs do vindeiro ano.

D.Actividades no terreo

1. Tarefas relacionadas coa posta en marcha das distintas liñas do proxecto de abastecemento e saneamento nas comunidades rurais da zona do Golfo de Fonseca e fortalecemento das capacidades de xestión do recurso hídrico do persoal técnico dos socios locais.
2. Colaboración en actividades de educación e sensibilización ambiental asociadas ao mesmo, e contribuír ao fortalecemento das capacidades das socias locais. Tamén pódese participar no seguimento dos proxectos de abastecemento e saneamento de auga que estean en marcha.
4. Actividades relacionadas co desenvolvemento do seu proxecto fin de carreira ou tese, se procede.
5. Elaboración de material divulgativo para actividades de formación, sensibilización ou incidencia.
6. Estadía "en comunidades", compartindo e vivindo con familias de comunidades rurais ou pesqueiras, por varios días.
7. Publicacións no blog de ESF "contando a experiencia".

5.1.4. Perfil requirido:

- Especial sensibilización e motivación en temas relacionados coa cooperación internacional.
- Capacidade de traballo en equipos multidisciplinares e multiculturais e capacidade de convivencia e de adaptación a realidades diferentes.
- Ofimática e internet a nivel usuario.
- Disponibilidade para a formación previa e incorporación inmediata e de forma activa no grupo de traballo.
- Compromiso de permanencia na asociación polo menos un ano, dende a concesión da praza, traballando nas actividades de sensibilización propostas e no grupo de proxectos de Honduras-auga.

Importante: *Estes cinco criterios son esixibles; polo tanto deberán quedar perfectamente explicados e xustificados no CV (os máis obxectivos) e na carta de motivación (os de carácter máis subxectivo).*

Valóranse adicionalmente:

- Coñecementos de:
 - hidráulica e hidroloxía, topografía, tratamento de residuos, reciclaxe, sistemas de bombeo solar, impacto e políticas ambientais.
 - Sistemas de información xeográfica, bases de datos, software libre.
 - Intervención e diagnose social.
- Capacidade de planificación e seguimento dun proxecto, así como competencias de organización e de coordinación. Control do orzamento.

- Formación previa en cooperación para o desenvolvemento.
- Coñecemento da filosofía de ESF e a vinculación á asociación.
- Coñecementos en ferramentas de comunicación audiovisual.

Constatación de cumprimento de obrigas previas:

Unha vez seleccionada as persoas beneficiarias do programa PCR, e antes da viaxe a Honduras, o grupo de voluntariado de Proxectos Internacionais na área de Auga, ou ben a Comisión de PCRs de ESF, realizará unha valoración do cumprimento das obrigas previas á viaxe, sendo necesario obter o visto e bó para poder viaxar.

Se considerará especialmente o cumprimento de:

- Integración no grupo de voluntariado.
- Asimilación da formación previa obrigatoria, especialmente no referente á seguridade e saúde persoal, interculturalidade, e representación de ESF.
- Asimilación da formación específica nos proxectos ou actividades que se desenvolven, e especialmente as relacionadas coas actividades que desenvolverán durante a súa estadía.

5.1.5. Información das entidades sociais locais coas que se traballará:

NASMAR, mancomunidade formada por 7 municipios (Amapala, Nacaome, Goascoarán e San Lorenzo del departamento de Valle, Marcovia, Namasigüe e El Triunfo del departamento de Choluteca).

AHJASA, Asociación Hondureña de Juntas Administradoras de Sistema de Agua. AHJASA surxe a comezos da década dos 90s, foi fundada por 17 comunidades de ámbito rural. A educación dos usuarios, o desenrolo da capacidade e independencia tanto técnica como económica das xuntas administradoras e o principal obxectivo desta asociación.

MÁIS INFORMACIÓN:

- Wiki de ESF Galicia <http://esf.gpul.org/>
- Blogue de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com/>
- Enxeñería Sen Fronteiras <http://galicia.isf.es/home/index.php>
- AJHASA <http://www.ahjasa.org/>
- Alcaldía de Marcovia: <http://marcoviahonduras.com/>
- Fondo Gallego de Cooperación e Solidariedade <http://fondogalego.org/web/>
- Artigo *Agua y Territorio en Centroamérica*, publicado no ESFormativo (artigo boletín trimestral da Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras), número 64:
<http://www.isf.es/adjuntos/cas/pdf/isformativo64-cast.pdf>

5.2. HONDURAS SECTOR DESENVOLVEMENTO RURAL

5.2.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais nas comunidades rurais do Golfo de Fonseca, Honduras.		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca
COPARTE	<i>Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y la Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)</i>		
DURACIÓN MÍNIMA / MÁXIMA	2 meses	DATAS DA ESTADÍA EN TERREO	Entre xuño e outubro de 2017.
Nº PRAZAS	2 (condicionadas á consecución de financiamento)		

5.2.2. Contexto e antecedentes

ESF Galicia traballa na zona do golfo de Fonseca dende 2008 dentro do programa “Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, ao saneamento e á xestión sustentable de recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica no Salvador, Honduras e Nicaragua”, até 2010 centrándose no eido da auga potable e o saneamento. Á súa vez, ESF Galicia estivo a desenvolver entre 2007 e 2010 o programa de “Fortalecemento das capacidades das comunidades da microcunca do Río Sasle para unha xestión sostible dos recursos naturais” en Nicaragua, co cal se obtiveron interesantes leccións tanto no enfoque de cunca hidrográfica na ordenación territorial como no traballo realizado coas familias campesiñas. No 2010 comézase a traballar no Golfo de Fonseca xunto a CODDEFFAGOLF. Grazas á longa experiencia acadada por esta organización no eido medioambiental, identificouse a necesidade dun proxecto na microcunca do Río Laure orientado a reducir a vulnerabilidade alimentaria, fortalecendo a soberanía alimentaria e promovendo o uso racional dos recursos naturais. Neste senso, no 2011 identificouse xunto a CODDEFFAGOLF a mesma necesidade na microcunca de Quebrada Gallardo e, trala finalización da fase I do proxecto, desenvolvida entre os anos 2011 e 2012, posteriormente executouse a segunda fase do proxecto “Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais en 10 comunidades da microcunca Quebrada Gallardo, municipio de Namasiqüe, departamento de Choluteca, Honduras. Fase II”. Entre os anos 2013 e 2016 leváronse a cabo proxectos tamén enmarcados na soberanía alimentaria e incorporando neles o fortalecemento de capacidades de grupos locais para garantir así a consecución dos obxectivos en Nacaome, Amapala e San Lorenzo, traballando directamente con organizacións, alianzas campesiñas e comunidades rurais.

O grupo de Desenvolvemento Rural de ESF está traballando para poder continuar co fortalecemento da soberanía alimentaria e no uso racional dos recursos naturais no Golfo de Fonseca coa formulación e execución de proxectos que se estenden a outros municipios do Golfo, en colaboración con outras entidades de desenvolvemento e incidindo no reforzo das capacidades de organizacións e grupos locais.

5.2.3. Descrición de actividades

A. Xornada de presentación

Esta xornada inclúe a presentación de ESF e do que é o programa de PCRs. Tense previsto realizar varias en Galicia, sendo recomendable a asistencia ás persoas que candidaten aos postos de PCR. A súa realización está prevista para o mes de marzo. As datas e detalles serán concretados posteriormente e comunicados a todos/as

os/as candidatos/as.

B. Formación Previa.

Participación na/s xornada/s de Formación que se indican no apartado 4, que organiza ESF e son de obrigada asistencia para as persoas seleccionadas e máis as suplentes.

C. Integración como voluntaria/o no grupo Agro de ESF.

As persoas seleccionadas integraranse como voluntarias no grupo de Desenvolvemento Rural de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia tralo proceso de selección. Asinarán o compromiso de voluntariado con ESF unha vez acepten a participación como PCR.

O grupo de voluntariado ofreceralle información e formación xeral sobre ESF e o programa de coñecemento da realidade (PCR), e o grupo de desenvolvemento rural ofreceralle unha formación máis específica sobre os proxectos que se estean levando a cabo en terreo.

Entre as actividades que desenvolverán como persoas voluntarias de ESF, formarán parte do grupo de desenvolvemento rural e participarán das reunións do grupo e das actividades que realicen. E, conxuntamente, comezarán a esbozar o programa concreto de actividades a desenvolver durante a estancia en Honduras como PCR.

Trala estadía en terreo a persoa seleccionada seguirá como voluntaria/o do grupo polo menos durante un ano dende o retorno, realizando actividades de difusión e de enriquecemento do grupo, e participará na Comisión PCR do vindeiro ano. (Ver apartado *E. Actividades en Galicia*)

D. Actividades en terreo.

As actividades a desempeñar estarán relacionadas cos proxectos de cooperación levados a cabo entre ESF e o socio local, CODDEFFAGOLF (*Comité para el Desarrollo y la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca*), e que esta última Organización se encarga de desenvolver en terreo.

Algúns destes proxectos están na fase final de execución / avaliación, mentres outros están actualmente en deseño e formulación.

As actividades a desempeñar concretaranse de forma coordinada entre o grupo de voluntariado de ESF en temática Agro-Desenvolvemento Rural, o persoal técnico expatriado de ESF en Honduras, a/s persoa/s seleccionada/s e a entidade local colaboradora de ESF (CODDEFFAGOLF). Esta escollla farase en función do perfil e preferencias da persoa seleccionada, das preferencias do socio local e das necesidades dos proxectos ou das actividades de ESF.

A continuación móstrase unha breve descrición dos proxectos e actividades que se están a executar. Así, as persoas candidatas poden analizar se o seu perfil se axusta ás prazas convocadas, e tamén valorar que aspectos do currículo deberán destacar.

RESUMO DA SITUACIÓN DE PARTIDA EN TERREO E DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DE ESF, NO MARCO DOS CALES SE REALIZARÁN AS ACTIVIDADES DO PCR:

Os principais problemas referidos á soberanía alimentaria e uso racional dos recursos son:

- Escasa diversificación e planificación baixo criterios de rendibilidade e sustentabilidade dos sistemas de produción familiar.
- Xestión insostible dos recursos naturais por utilización de prácticas non axeitadas.
- Escasa concienciación ambiental.
- Debilidade institucional das organizacións e nos actores locais encargados da xestión de riscos no territorio e do manexo dos recursos naturais das microcuncas.
- **Situación de desigualdade entre homes e mulleres en canto ao acceso aos recursos naturais da comunidade.**

Os **resultados agardados dos proxectos de cooperación** son, en xeral:

- Fortalecer os sistemas de produción familiar (agrícola e pesqueira).
- Implementar medidas para a conservación dos recursos naturais.
- Fortalecer as capacidades e incidencia dos actores locais na redución de riscos no territorio e xestión dos recursos naturais.
- Sensibilizar e capacitar á poboación sobre a conservación e o acceso equitativo e sostible aos recursos naturais con enfoque de xénero.
- Darán apoio nos proxectos e farán transmisión ao grupo e ao resto da asociación da súa experiencia PCR.
- Participarán en actividades de sensibilización e Educación para o Desenvolvemento (EpD).

Os **proxectos de cooperación en marcha** na actualidade son:

1. "Fortalecemento das capacidades dos e das campesiñas organizadas para establecer un sistema de desenvolvemento rural xusto, equitativo e sustentable que garanta o Dereito a Alimentación en Honduras", en colaboración con outras organizacións de desenvolvemento, tanto españolas como hondureñas.
2. Outros proxectos cos temas centrais de soberanía alimentaria e xestión sostible de recursos naturais en comunidades rurais da rexión do Golfo de Fonseca.

Estes proxectos desenvólvense en xeral a través de actividades das **temáticas** seguintes, e que recomendamos se detallen no currículo das candidaturas: agroecoloxía, mellora participativa de sementes, sistemas agroforestais, emprendementos empresariais e innovación, transformación e comercialización de produtos agrarios, mellora socioeconómica das familias, xestión de recursos naturais, ordenación do territorio, sensibilización e comunicación á poboación (medio ambiente, consumo responsable, alimentación saudable, etc.), empoderamento da muller, cooperativismo e fortalecemento de grupos, prácticas empresariais sostibles, pesca artesanal, transformación artesanal de produtos pesqueiros, restauración de ecosistemas degradados e outras relacionadas..

Concluindo, as **actividades da estadia en terreo** poderán ser:

- Participación en tarefas relacionadas cos proxectos anteriormente explicados, desenvolvidas pola asociación local responsable dos mesmos e entidade socia de ESF, *Comité para el Desarrollo y Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca* (CODDEFFAGOLF).
- Reunións telemáticas e actividades de coordinación co grupo Agro e de Desenvolvemento Rural de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.
- Actividades de fortalecemento da socia local en diferentes áreas do coñecemento (segundo o perfil da

persoa seleccionada e os requirimentos da Organización).

- Actividades relacionadas, se procede, co desenvolvemento do seu proxecto fin de carreira, máster, tese, etc., unha vez aprobada a proposta por ESF.

E. Actividades en Galicia.

Ao retorno da estadia en terreo as persoas seleccionadas:

- Seguirán participando como voluntarios/as do Grupo de Desenvolvemento Rural durante polo menos un ano dende o seu retorno.
- Darán apoio nos proxectos e farán transmisión ao grupo e ao resto da asociación da súa experiencia PCR.
- Participarán en actividades de sensibilización e Educación para o Desenvolvemento (EpD).
- Participarán na Comisión PCR ao ano seguinte.

O grupo máis a persoa PCR planificarán conxuntamente estas actividades e, a lo menos, unha persoa do grupo acompañará ao PCR na realización das mesmas.

5.2.4. Perfil:

Requírese:

- Especial sensibilización e motivación en temas relacionados coa cooperación internacional e voluntariado.
 - Capacidade de traballo en equipo, habilidades comunicativas e empatía.
 - Coñecementos en temáticas específicas relacionadas cos proxectos. Algunhas poden ser agroecoloxía, emprendementos, cooperativismo, xestión de recursos naturais, socioloxía, etc. Ver máis detalle da descrición no apartado 5.2.3.D.
 - Non ter experiencia profesional en Proxectos de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- **Importante:** *Estes criterios son esixibles; polo tanto deberán quedar perfectamente explicados e xustificados no CV (os máis obxectivos) e na carta de motivación (os de carácter máis subxectivo).*

Valórase adicionalmente:

- Formación previa e/ou experiencia non profesional en cooperación para o desenvolvemento.
- Coñecementos e/ou experiencia en programas ou proxectos de educación e sensibilización ambiental.
- Coñecementos e/ou experiencia en equidade de xénero e feminismos.
- Coñecementos de métodos participativos, traballo con grupos e similar.
- Coñecemento e manexo de ferramentas de comunicación audiovisual, redes sociais e similares.
- Experiencia na elaboración e desenvolvemento de estratexias de comunicación no eido asociativo.
- Experiencia en dinamización de grupos de voluntariado
- Manexo de programas de software libre.
- Manexo de programas de Sistemas de Información Xeográfica, especialmente GvSIG.
- Coñecemento da filosofía ESF e vinculación á Asociación.
- Posibilidade de asociar a estadia á realización dun proxecto fin de carreira, fin de máster, tese, ou similar. A persoa seleccionada poderá facer esa proposta de traballo, pero tamén poderá ter á súa

disposición unha base de ideas para os traballos, e asesoramento por parte de ESF para o deseño da proposta. En todo caso, será precisa a aprobación por parte de ESF para a súa realización no marco do PCR.

5.2.5. Información da socia local coa que se realizarán as actividades.

- O *Comité para el Desarrollo y Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca* (CODDEFFAGOLF) nace no ano 1989 e na actualidade goza do recoñecemento internacional despois dunha longa traxectoria no eido da sensibilización e da incidencia política, así como polo traballo realizado con distintos axentes de cooperación. Xunto coa Administración Forestal do Estado- Instituto de Conservación Forestal (ICF) realiza o co-manexo das áreas protexidas do Golfo de Fonseca. Cabe destacar a inclusión nos seus programas do enfoque en Soberanía Alimentaria.

*MÁIS INFORMACIÓN

- Blogue de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com>
- Comité para la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca: <http://www.coddeffagolf.org>
- Páxina social do Facebook: <https://es-es.facebook.com/coddeffagolf.org>

6. SOLICITUDE DE PRAZA

As persoas interesadas deben enviar, en **formato PDF**, un **breve CV** cos datos máis relevantes **para a praza**, xunto cunha **carta de motivación tamén en pdf**, ao correo info@galicia.isf.es. Deberanse enviar **tantos correos-e como prazas diferentes ás que se queira optar**, indicando no **asunto o nome da praza correspondente** (PCR-auga, PCR-desenvolvemento rural).

Os criterios esixibles das prazas ofertadas deben quedar perfectamente explicados e xustificados no CV (os máis obxectivos) e na carta de motivación (os de carácter máis subxectivo). Ademais na carta de motivación é importante explicar por que se quere participar no PCR, por que se ten interese na cooperación internacional, e por que o interese de facelo concretamente con ESF. A carta de motivación non debe ser un CV en palabras nin unha defensa da persoa como apta para ocupar a praza. Ademais, deberase explicar, co detalle en que sexa posible:

- 1) Se existe o compromiso e dispoñibilidade de participar nunha primeira fase de formación previa á estancia, composta por reunións presenciais e virtuais, lectura de documentos, e outras actividades. Estas poderán ser durante a semana ou ben en fins de semana.
- 2) Se se ten a intención de solicitar unha beca Erasmus ou similar, ou pensan desprazarse a estudar/traballar no estranxeiro dalgún outro xeito no curso 2017-2018.
- 3) Se se ten algunha perspectiva de estudo/traballo fora de Galicia no curso 2017-2018.

- 4) Se existe o compromiso e dispoñibilidade de integrarse no grupo de ESF asociado ó seu PCR, e permanecer nel durante polo menos un ano ó seu regreso. No caso de marchar fora de Galicia durante o ano seguinte á estancia débese especificar se hai un compromiso a manter no posible a integración no grupo a través de medios virtuais (skype, correo-e) e/ou a completar esa permanencia ó seu regreso, sempre que teña lugar antes de transcorridos 2 anos desde o abandono do grupo pola súa marcha de Galicia.

No CV, no caso de ser persoa voluntaria de ESF, non é preciso acreditar os méritos referentes a actividades en dita asociación. En caso de méritos noutras asociacións/institucións, recoméndase aportar, polo menos, datos de contacto para a súa verificación.

As solicitudes que non inclúan ambos documentos no formato indicado (PDF) non entrarán no proceso de selección.

Realizarse unha preselección, atendendo aos CV e cartas de motivación recibidas onde se escollerán as persoas ás que se lles realizará unha entrevista persoal como última fase do proceso selectivo. A selección de persoas para a entrevista farase atendendo aos CV e ás cartas de motivación. A cita para a entrevista concertarase por teléfono. As persoas non seleccionadas para a entrevista serán notificadas vía correo-e. As persoas entrevistadas se lles comunicará por teléfono o resultado da entrevista.

A data límite para a presentación de solicitudes é o **24 de febreiro de 2017, ás 12 da noite**. As solicitudes que sexan recibidas **despois** deste momento **non** entrarán no proceso de selección.

Se tes algunha dúbida sobre o concepto de PCR, a filosofía de ESF, a convocatoria ou a túa solicitude podes contactar con info@galicia.isf.es